

Días masticados, noites frías: **Nin contigo nin sen ti.**



Nin contigo nin sen ti. Por qué aínda sigo aquí, contigo?. Por qué sigo aquí?. Polo día rumio unha e mil veces a noite anterior, o día anterior, a semana anterior, o ano anterior. De noite, a túa ausencia tornase presenza fría, un grande valeiro medra aquí, aínda que estés ao meu carón.

**Sinopse do espectáculo:**

Tres mulleres coas súas soedades particulares e nembargantes recoñeciblemente comúns a calquera, falando do seu estar, do seu sofrer, do seu anhelos, as veces facendo uso da palabra, outras amosando a meoción a partires do movemento. A palabra e o movemento, danzan as historias personais.

Días masticados, noites frías: **Nin contigo nin sen tí** é unha visión deses espazos íntimos a partires dos que suscítanse reflexións sobre o xeito de plantexarse o mundo das relacións. Pasamos do sorriso á emoción máis dolorosa, artellando unha viaxe interior, sen velos, nin excusas.

Sí, eu caín coma unha mazá.

Sí, eu sei o que teño que facer para levantarme

Durante a caída pensei...

**Muller 1:** Quixera cambiar.

**Muller 2:** Tómannos por faisáns de engorde.

**Muller 3:** As veces digo para mín que había ser paracaidista...

Días masticados, noites frías: **nin contigo nin sen ti.**

### Ficha artística

**Autoría e creación:** Olga Cameselle e Alfredo Rodríguez

**Textualidades:** Alfredo Rodríguez (a partires de X. Durringer)

**Elenco:** Gena Baamonde, Anabel Gago, Olga Cameselle

**Collage musical:** X. Valle e collage sonoro (Olga Cameselle)

**Producción musical:** Santiago Araújo

**Coreografía:** Olga Cameselle

**Dirección:** Alfredo Rodríguez

**Deseño lumínico:** Salvador del Río

**Vestuario:** La Canalla

**Deseño gráfico:** Estudio Boox.

**Idea espazo escénico:** A Artística

**Soporte técnico:** Ningures Producción S.L.

**Producción:** Disque Danza, A Artística (Teatro & Danza)

**Fotografía:** Borja Bernárdez.

